

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E TAKEDA FARMACÉUTICA ESPAÑA, S.A. PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN E A FORMACIÓN CIENTÍFICA ORIENTADAS Á MELLORA DA ATENCIÓN Á CRONICIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e Takeda Farmacéutica España, S.A. formalizaron o 02.05.2019 o convenio arriba referido, por un período de vixencia de catro anos desde o día seguinte o da data da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria da cronicidade, a través da innovación e/ou a realización de proxectos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase, entre outros, en que:

- A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.
- Dende as institucións sanitarias, en colaboración con outras entidades, institucións,... trátase de melloralas utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria da saúde como na atención hospitalaria e socio-sanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos/as pacientes e da cidadanía e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos/as profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos/as pacientes.
- Takeda ten por obxecto social a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos, e no marco da súa actividade impulsa actividades destinadas a mellorar a calidade de vida dos/as pacientes que sofren enfermidades e da sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e promover a colaboración entre distintos entes para a mellora da calidade asistencial.

En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

- Takeda quere aliñarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde e implicarse como axente colaborador mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas no presente convenio, en relación á mellora da atención sanitaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

